

San Ramón

A romaría de San Ramón celébrase na parroquia boirense de Bealo, nunha explanadiña onde se atopan os elementos necesarios para o bo discurrir dunha xornada festeira: cruceiro e ermida do santo para atender as necesidades de saúde do espírito, vello palco para dar cabida os músicos que coas súas notas alegrarán os corazóns dos asistentes; e campión sombrío para xantar a xeito e dar resposta as esixencias do paladar.

De feito esta romaría de San Ramón de Bealo, que se celebra tódolos 31 de agosto, é unha das máis concorridas e de máis sona da bisbarra, e dende tempos inmemoriais leva a moitas mulleres a súa capela na procura dun remedio para a esterilidade ou para ter un bo parto, e así nolo confirma unha cantiga que reza “As meniñas cando paren / lémbrense de San Ramón.”

Pero esta tradición non se remonta a fai uns poucos anos, senón que hai que recuar no tempo e vota-la mirada cara o século XVIII, data da construción deste pequeno santuario.

Segundo puidemos saber, a fundación de San Ramón foi instituída polo que fora cura desta freguesía, D. Xosé Bravo de Castro o día 22 de Agosto de 1758. O cura administrador quedaba obrigado a celebrar misa e facer outros sufraxios a devoción do santo e das ánimas do purgatorio. Tamén debía facer unha novena a San Ramón de xeito que coincidira ca última xornada de agosto, e dicir o día 31, data da súa festa. Estas obrigas implicaban tamén os sucesores de D. Xosé Bravo.

Así, dende aqueles tempos, fieis de toda condición acoden a romaría a honra-lo santo. Incluso chegamos a saber por J.A. Durán, bo coñecedor de Rianxo e as súas xentes, que o mesmo Castelao atopou inspiración nesta festa para debuxar algunha das súas famosas “Estampas de cegos”.

Está perfectamente documentado que, dende os primeiros tempos da cristiandade, as xerarquías eclesiásticas non cesaron no seu intento de cristianiza-los lugares a onde a xente acudía a celebra-los seus antigos ritos ou a render culto ás súas divindades, consideradas pagáns pola nova igrexa. Deste xeito mandaron erixir santuarios, capelas ermidas,... ala onde o estimaban oportuno (lemremos os santuarios da Virxe da Barca de Muxía, San Andrés de Teixido, A Lanzada....)

Un interesante traballo de investigación levado a cabo por J. A. Fernández Castro sobre os gravados nas rochas de Bealo, documéntanos a cerca do tema e fíxonos cavilar na posibilidade de que en Bealo se dese tamén un caso semellante. No contorno da capela de San Ramón existen unha serie de elementos que, de non ir sobre aviso, pasan desapercibidos por completo.

Baixando pola pista que pasa á beira da escola unitaria, e ós pes dos restos dun castro, actualmente irrecoñecible polo seu estado ruinoso, localízase unha gran rocha que presenta a curiosidade de contar con varios gravados. Un deles destaca por riba dos demais. Trátase dunha alongada figura serpentiforme que, segundo as fontes consultadas, tería a súa orixe na época castrexa e estaría vencellada os anteditos restos prehistóricos.

Comparten soporte con esa serpe varias insculturas destacando polo seu número os cruciformes, ó que J.A. Fernández sitúa entre os séculos XVI e XVIII. Este feito non debe pasar desapercibido, pois, no contexto da etno-arqueoloxía galega, os ofidios ocupan un lugar moi destacado. Florentino Cuevillas e Fermín Bouza Brey, prolíficos investigadores vinculados ó Seminario de Estudos Galegos, chegan a falar dunha ofiolatría castrexa, dun culto precristián da serpe.

A máis doutros posibles significados hai que ter moito en conta o vínculo da serpe coa idea de fecundidade (compre lembrar que aínda hoxe en día as mulleres acoden a San Ramón na procura dun remedio para súa esterilidade).

Por outra banda, J.A. Fernández Castro danos noticia da existencia en Bealo de abondoso folclore relativo a anterros cultos ás árbores, fontes, encrucilladas de camiños e sobre todo rochas. Neste senso, o Padre Sarmiento, home da ilustración e destacado investigador da cultura e historia galegas, da noticia dalgúns lugares en Galicia onde había determinadas laxes coñecidas como “camas de pedra” nas que durmían marido e muller, con problemas de esterilidade, na procura de descendencia. Estas prácticas supersticiosas relacionadas coa fertilidade e baseadas na crenza do poder fecundador que transmitían as rochas ós que sobre elas realizaban o acto sexual, foron recolleitas polos investigadores da xeración Nós, aínda no primeiro tercio do pasado século XX.

A existencia en Bealo dunha rocha que resposta ás características das camas de pedra, o centenario gravado da serpe que hai que enmarcar na Cultura Castrexa e que puidera ser, unha representación simbólica da fecundidade, o abondoso folclore relativo á fertilidade existente na zona, e os evidentes signos de cristianización deste espacio (unha morea de cruces que acompañan ó serpentiforme gravadas en época posterior e a consagración dunha capela neste entorno), lévanos a pensar que este é un lugar onde, dende tempos remotos se teñen levado a cabo prácticas dunha relixiosidade primitiva que co tempo foron tomando un cariz cristián.

Outra laxe con inscricións rupestres fai que J.A. Fernández contemple a posibilidade de que ó menos parte das insculpturas sexan a testemuña en pedra da cura dos males de parte dos fieis que algún día acudiron ó lugar.

Sexa como fora, dende hai moitos séculos moreas de romeiros e romeiras movidos pola súa fe e ansia de remedia-los seus males e doenzas achegáronse a este enigmático espacio, que se constitúe noutra das claves para coñecer mellor os actuais modos de ser e o xeito de entende-la vida que temos os galegos.

